



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
<b>Asignatura (*)</b>	Deseño de proxectos e traballos de investigación	<b>Código</b>	615525029	
<b>Titulación</b>	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descritores				
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	3
<b>Idioma</b>	CastelánGalego			
<b>Modalidade docente</b>	Presencial			
<b>Prerrequisitos</b>				
<b>Departamento</b>	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
<b>Coordinación</b>	Otero Enriquez, Raimundo	<b>Correo electrónico</b>	raimundo.otero@udc.es	
<b>Profesorado</b>	Fernández Suárez, Mónica Belén Otero Enriquez, Raimundo	<b>Correo electrónico</b>	belen.fernandez.suarez@udc.es raimundo.otero@udc.es	
<b>Web</b>				
<b>Descrición xeral</b>	O obxectivo xeral desta materia, reside en alcanzar unha comprensión profunda da estrutura lóxica e metodolóxica dun proxecto de investigación, sendo capaces de interpretar e analizar os resultados, así como transmitirlos por escrito e oralmente cunha linguaxe adecuada e profesional. Para iso percorrerase mediante exercicios prácticos todas e cada unha das fases da investigación, desde a formulación do problema ata a redacción do informe final e a presentación pública dos resultados.			
<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>-Sesión Maxistral, a través de contidos audiovisuais postos a disposición do alumnado en plataformas como Teams ou Moodle. Tras cada sesión habilitarase un foro de discusión para que o alumnado traballe os temas vistos na clase. A participación nestos foros terase en contacto como asistencia activa na asignatura.</p> <p>-Traballo Tutelado</p> <p>-Presentacións orais, a través de vídeo ou plataforma Teams</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada levarse a cabo a través do correo electrónico, e tutorías grupais e individuais a través da plataforma Teams, concertadas previamente</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizarán modificacións</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios, a bibliografía está adaptada para a súa consulta online</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.



A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B5	CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Formular un proxecto de investigación, cunha comprensión profunda da súa estrutura lóxica e metodolóxica	AM1 AM3 AM4 AM5	BM3 BM6 BM13 BM15	CM3 CM5 CM7
Redactar informes de resultados de investigación cunha linguaxe axeitada e profesional	AM1 AM2 AM4 AM5	BM5 BM6 BM17	CM5 CM6
Preparar unha presentación pública dos resultados da investigación	AM1 AM2	BM5 BM17	CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A formulación da investigación e o seu proceso	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases do proxecto de investigación</li> <li>- Elaboración dun anteprojecto</li> <li>- Elección e xustificación do tema de investigación ou obxecto de estudo</li> <li>- Formulación de obxectivos e hipóteses</li> <li>- Elaboración do marco teórico</li> </ul>
Tema 2. O deseño da investigación e as estratexias metodolóxicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxía e técnicas de investigación</li> <li>- A elección metodolóxica</li> <li>- O deseño metodolóxico</li> </ul>



Tema 3. A recollida de información e o tratamento dos datos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A preparación do traballo de campo</li> <li>- A aplicación das técnicas de investigación cuantitativas e cualitativas</li> <li>- A recollida da información/datos</li> <li>- Rexistro e tratamento dos datos e información</li> </ul>
Tema 4. Análise dos resultados e redacción do informe	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A análise e interpretación dos datos/información solicitada</li> <li>- A comprobación das hipóteses</li> <li>- As conclusións do estudo</li> <li>- Estrutura do Informe Final</li> <li>- O proceso de redacción</li> <li>- A citación e referenciación segundo as normas académicas</li> </ul>
Tema 5. A presentación dos resultados	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos informáticos para a elaboración de presentacións</li> <li>- Técnicas de exposición oral</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B6 B13 B15 B17 C3 C5 C6 C7	18	27	45
Presentación oral	A1 A2 A3 A4 A5 B5 B17 C5 C6 C7	1	7	8
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B6 B13 B15 C3 C5	18	0	18
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Traballo individual que consiste no deseño dun proxecto de investigación social aplicada.</p> <p>Cada alumno/a elixirá un tema monográfico sobre o que realizar o traballo sobre un tema relacionado coas especialidades do Máster. Para un maior aproveitamento da materia recoméndase que o tema coincida co TFM.</p> <p>O traballo será explicado na aula e subiranse as instrucións concretas sobre a realización deste a Moodle, para que teñan acceso a elas tanto o alumnado da modalidade presencial como o da modalidade en liña. Nalgunhas sesións de aula existirán breves espazos para a posta en común en relación ao desenvolvemento deste traballo. Para o alumnado en liña, establecerase un sistema de seguimento a través da plataforma Moodle, ou por correo electrónico.</p>
Presentación oral	<p>Presentación oral do traballo tutelado, na aula.</p> <p>A presentación non excederá os 20 minutos e é obrigatoria.</p> <p>O alumnado en liña, disporá de dúas opcións para a súa presentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vía Skype ou Teams, na mesma data que os compañeiros/as con modalidade presencial.</li> <li>- Mediante o envío dun vídeo da presentación, que será proxectado na aula, nas datas previstas para as presentacións.</li> </ul>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral por parte do profesorado dos aspectos fundamentais da materia. As exposicións complementarase co uso de medios audiovisuais, lecturas e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes.</p> <p>O material das sesións maxistras porase a disposición na plataforma Moodle, para o alumnado en liña e presencial.</p> <p>Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Presentación oral	<p>Levarase a cabo un seguimento personalizado dos traballos tutelados e a súa presentación oral, tanto nas sesións de traballo que se desenvolvan en clase, como en horario de titorías.</p> <p>No caso de alumnado da modalidade en liña ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao comezo de curso un calendario específico de titorías compatibles coa súa dedicación e asistencia. As titorías poderán levar a cabo de maneira virtual (Skype, Teams ou correo electrónico). O material de traballo utilizado na clase, porase a disposición a través da plataforma virtual da materia (Moodle).</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B6 B13 B15 B17 C3 C5 C6 C7	<p>Traballo individual que consiste no deseño dun proxecto de investigación social aplicada.</p> <p>Cada alumno/a elixirá un tema monográfico sobre o que realizar o traballo sobre un tema relacionado coas especialidades do Mestrado.</p> <p>Para a correcta realización do traballo é necesaria a participación activa: asistencia (alumnos/as presenciais) e seguimento continuado (alumnos/as en liña).</p>	80
Presentación oral	A1 A2 A3 A4 A5 B5 B17 C5 C6 C7	<p>Presentación oral do traballo tutelado.</p> <p>A presentación oral é obrigatoria para os/as alumnos das dúas modalidades</p> <p>Valorarase o uso dos recursos aprendidos na materia.</p> <p>O alumnado presencial, deberá presentala na aula.</p> <p>O alumnado en liña, disporá de dúas opcións para a súa presentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vía Skype ou Teams na mesma data que os compañeiros/as con modalidade presencial.</li> <li>- Mediante o envío dun vídeo da presentación, que será proxectado na aula, nas datas previstas para as presentacións.</li> </ul>	20

### Observacións avaliación

É condición indispensable para superar a materia, obter como mínimo no traballo tutelado, a metade da máxima cualificación outorgable (4 de 8).

A avaliación do alumnado da modalidade en liña ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia, será igual que a do alumnado con dedicación completa.

Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación e traballos cualificables serán iguais aos propostos para a 1ª convocatoria.

Co fin de facilitar a participación e interacción entre o alumnado en liña e presencial, abriranse foros virtuais.

Os alumnos en modalidade en liña, poderán contar con titorías vía Skype, Teams (previa cita) ou por correo electrónico.

### Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- García Ferrando, M.; Ibáñez, J. y Alvira Martín, F. (1986,2000). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza</li> <li>- Viedma, A. y Callejo, J. (2005). Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención . Madrid: McGraw-Hill</li> <li>- Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C. y Baptista Lucio, M. P. (2010). Metodología de la investigación. Madrid: McGraw-Hill</li> <li>- Corbetta, P., &amp; Fraile Maldonado, M. (2003). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill</li> <li>- Creswell, John W. (1994). Research design: qualitative and quantitative approaches. Thousand Oaks: Sage</li> <li>- Nagy Hesse-Biber, Patricia Leavy (eds) (2006). Emergent methods in social research. Thousand Oaks: Sage</li> <li>- Quivy, R; Campenhoudt, L.V. (2005). Manual de Investigación en Ciencias Sociales. México:Limusa</li> <li>- Quivy, R; Campenhoudt, L.V. (2005). Manual de Investigación en Ciencias Sociales. México:Limusa</li> <li>- López Roldán, P; Fachelli, S. (2015). Metodología de la Investigación Social Cuantitativa. Bellaterra: Dipòsit Digital de Documents, Universitat Autònoma de Barcelona</li> <li>- González Mateos, A; Salido Ruiz, G. (2013). Diseño de un proyecto de investigación básico. Universidad de Extremadura</li> <li>- Martín Gutiérrez, I. (ed.) (2016). Diseño de proyectos de investigación-desarrollo y propuestas metodológicas. Universidad Técnica Particular de Loja</li> <li>- Bravo Almonacid, F; Galar, S. (2020). Avanzar hacia la construcción de un problema de investigación cualitativo. Universidad Nacional de Entre Ríos</li> </ul> <p>A bibliografía é orientativa. Detallarse o material de lectura obrigatorio correspondente a cada tema da materia, na plataforma Moodle.</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Warbuton, Nigel (2012). Cómo aprender a escribir. Barcelona: Paidós</li> <li>- Alvira Martín, F. (2011). La encuesta: Una perspectiva general metodológica. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas</li> <li>- Cea D´Ancona, M.A (2004). Métodos de encuesta: Teoría y práctica, errores y mejora. Madrid: Síntesis</li> <li>- Delgado, J.M y Gutiérrez, J (coord) (1994). étodos y técnicas cualitativas de investigación en Ciencias Sociales.. Madrid: Síntesis</li> <li>- Jorge Sierra, E. (2003). Nuevos elementos para la reflexión metodológica en sociología. Del debate cuantitativo/cualitativo al dato complejo. Papers, 70, 57-81</li> <li>- King, G., Verba, S., &amp; Keohane, R. O. (2000). El diseño de la investigación social. La inferencia científica en los estudios cualitativos.. Madrid: Alianza</li> <li>- Lozares, C, Martín, A. López, P. (1998). El tratamiento multiestratégico en la investigación sociológica.. Papers, 55, 27-43</li> <li>- Valles Martínez, M. (1997,2003). écnicas cualitativas de investigación social: reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid: Síntesis</li> <li>- Thomas, J; Harden, A. (2008). ?Methods for the Thematic Synthesis of Qualitative Research in Systematic Reviews?. BMC Medical Research Methodology 2008, 8:45</li> </ul> <p>As lecturas complementarias, adaptaranse durante o curso á metodoloxía e temática elixida por cada alumno/a para o desenvolvemento do seu traballo tutelado.</p>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fontes de información e técnicas estatísticas para a análise das políticas sociais/615525007

Técnicas cualitativas para a análise dos discursos e as realidades sociais/615525008

Diseño, xestión e avaliación de políticas sociais/615525009

Investigación-acción participativa, acción comunitaria e xestión das organizacións sociais/615525010

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo Final de Mestrado (TFM)/615525031

### Materias que continúan o temario



## Observacións

Para lograr un maior aproveitamento da materia, recoméndase elixir o tema do Traballo de Fin de Máster antes de cursala.&nbsp;O alumnado (independentemente da modalidade escollida) deberá revisar regularmente a plataforma Moodle e consultar os documentos.&nbsp;A vía de comunicación co profesorado da materia, será a institucional, é dicir o correo da udc e a plataforma virtual Moodle.&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías